

Martes 03.06.2008

ENERXÍA

## A Xunta non descarta buscar petróleo de novo en Galicia

Fernando Blanco aposta por buscar novos minerais nunha vintena de minas abandonadas debido ó valor que están cobrando · Industria informou de que seis explotacións xa funcionan outra vez e que no territorio galego hai tungsteno, volframio, estaño ou andalucita, materiais moi necesarios arestora

AXENCIAS . SANTIAGO



Fernando Blanco xunto ao presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia, Francisco Arechaga, onte  
FOTO: Lavandeira Jr.

O conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco, non descartou onte iniciar unha procura de xacementos petrolíferos e gas natural no caso, iso si, de que prospere a iniciativa impulsada por Repsol no concello asturiano de Cudillero. No entanto, informou onte de que a sociedade que a Xunta de Manuel Fraga constituíra en 1999 en Galicia para buscar petróleo fronte ás súas costas, e que levaba o nome Gali Oil; foi clausurada "por insolvencia", tras pagar unha débeda "aproximadamente de seis millóns de euros".

O titular de Industria asegurou que o Executivo galego "non baralla" iniciar novas prospeccións, aínda que, ironizou, coa escalada actual dos prezos do cru, "se aparece en Asturias, poderíamos mirar tamén aquí". Ao tempo evitou facer valoracións respecto da actuación anterior que, dixo, puido ser "precipitada".

Por outra banda, apostou por utilizar as novas tecnoloxías para buscar novos minerais en aproximadamente unha vintena de minas abandonadas de Galicia, debido a que as materias primas "cada vez cobran máis valor". Considerou que estes materiais servirían para situar "moi ben" a Comunidade galega ante a situación económica que vive o país, polo que avogou por conxugar as posibilidades do sector privado, as da Administración e as da Cámara Oficial Mineira de Galicia.

O titular de Innovación e Industria subliñou a relevancia de que as empresas do sector mineiro aproveiten os recursos alternativos existentes en Galicia, máis aló dos minerais e metais "máis clásicos" como o granito, a laxa ou os áridos. "Hai determinados proxectos de minería metálica que se poderían volver reabrir", afirmou o director xeral de Minas, Anxo Calvo, tras a firma dun convenio entre Industria e a Cámara Oficial Mineira de Galicia.

Blanco aludiu a que o mercado das materias primas "está sufrindo un importante impulso" que "sería ridículo obviar". "Temos que situarnos", sentenciou á vez que explicou que "antes" algunhas minas pecharan porque "non eran rendibles" debido ó alto custo da extracción e o baixo custo do material". Así apostou por buscar novas formas extractivas que reduzan o impacto e que sexan "respectuosas" coa contorna ambiental.

O conselleiro admitiu que seis empresas solicitaron autorización ó seu departamento para iniciar a explotación dalgún tipo de material, cuxa extracción non era rendible ata hai pouco e arestora foron revalorizados. A consellería estima que o número de minas abandonadas en Galicia supera "a vintena".

Algunha destas explotacións están dedicadas á extracción de wolframio ou tungsteno, un material co que se fabrican as lámpadas incandescentes, ou o estaño. Tamén hai varios proxectos que perseguen a extracción de ouro, cobre e andalucita, un metal empregado como illante térmico e materia prima de industrias metalúrxicas, siderúrxicas, cimenteiras, fornos e ata firmas dedicadas á louza de alta calidade, e do xa se atoparon mostras de cristais prismáticos en Santiago de Compostela. O acordo asinado onte coa Cámara Oficial Mineira destinará 120.000 euros a incentivar a introdución das tecnoloxías de información e comunicación, a seguridade no ámbito laboral.



Martes, 3 de junio de 2008

## Nuevos minerales en minas abandonadas



EFE

El conselleiro de Industria, Fernando Blanco, firmo ayer con el presidente de la Cámara Oficial Mineira de Galicia, Francisco Aréchaga, un convenio para el fomento de la industria minera. En la rueda de prensa posterior el representante autonómico apostó por utilizar las nuevas tecnologías para buscar nuevos minerales en aproximadamente una veintena de minas abandonadas de Galicia, debido a que las materias primas «cada vez cobran más valor».



## **Industria apoia o fomento da minaría con varias actuacións**

### ***Blanco asinou un convenio de colaboración co presidente da Cámara Oficial Mineira de Galicia.***

*Lunes, 02 de junio de 2008*

**XORNAL.COM** | Santiago.- A Consellaría de Innovación e Industria colaborará coa Cámara Oficial Mineira de Galicia no desenvolvemento de varias actuacións de fomento da industria mineira galega nos campos da investigación, implantación das TIC, promoción social, calidade, medio ambiente, seguridade e xeración de información técnico-empresarial do sector mineiro. Así o establece un convenio que asinaron esta mañá o titular de Innovación e Industria, o nacionalista [Fernando Blanco](#), e o presidente da Cámara Minería, Francisco Aréchaga. A Consellaría achegará 120.000 euros, un 14% máis que o exercicio anterior, para a execución destas actuacións.

En virtude do convenio asinado hoxe, a Cámara Oficial Mineira comprométese a desenvolver oito grupos de actividades relacionadas co fomento da calidade e da seguridade, a documentación xeolóxica e empresarial e a promoción social e cultural da actividade mineira. Estes tres eixes de actuación concentran a maior parte do orzamento (76.000 euros). A maiores, desenvolveranse programas de investigación histórica da minaría galega e implantación de TIC no sector, entre outros.

Algunhas das accións concretas previstas polo convenio son a mellora e dotación de novos servizos á páxina web da Cámara Mineira, a formación on-line en prevención de riscos laborais, a actualización do Manual de Seguridade e Saúde na minaría, a celebración dunhas xornadas de medio ambiente, estudos sobre os balnearios galegos e sobre sustentabilidade mineira en colaboración coa Universidade de Santiago, a convocatoria de premios e certames para a difusión social da minaría ou a participación en publicacións a nivel internacional. Como novidades deste ano figuran a celebración dunhas xornadas de seguridade mineira e a modernización e a

implantación de novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Na presentación deste convenio, o conselleiro de Innovación e Industria destacou que o seu departamento vén de impulsar dúas importantes medidas de fomento do sector baixo criterios de sustentabilidade, responsabilidade e seguridade, como son a nova Lei de Ordenamento da Minaría, que vén de ser aprobada no Parlamento galego e que constitúe a primeira das súas características que se aproba no Estado; e o Plan Estratéxico de Prevención e Control dos Riscos Laborais na Minaría, dotado dun orzamento de 5 millóns de euros ata 2010 para combater a sinistralidade laboral e minimizar os riscos de accidentes e enfermidades profesionais.

# El Correo Gallego.es

SECTOR DA MINARÍA

## A Consellería colabora coa Cámara Mineira no fomento da calidade e da seguridade e na promoción social

02.06.2008

---

A Consellaría de Innovación e Industria colaborará coa Cámara Oficial Mineira de Galicia no desenvolvemento de varias actuacións de fomento da industria mineira galega nos campos da investigación, implantación das TIC, promoción social, calidade, medio ambiente, seguridade e xeración de información técnico-empresarial do sector mineiro. Así o establece un convenio que asinaron esta mañá o titular de Innovación e Industria, o nacionalista Fernando Blanco, e o presidente da Cámara Minería, Francisco Aréchaga. A Consellaría achegará 120.000 euros, un 14% máis que o exercicio anterior, para a execución destas actuacións. En virtude do convenio asinado hoxe, a Cámara Oficial Mineira comprométese a desenvolver oito grupos de actividades relacionadas co fomento da calidade e da seguridade, a documentación xeolóxica e empresarial e a promoción social e cultural da actividade mineira. Estes tres eixes de actuación concentran a maior parte do orzamento (76.000 euros). A maiores, desenvolveranse programas de investigación histórica da minaría galega e implantación de TIC no sector, entre outros.

Algunhas das accións concretas previstas polo convenio son a mellora e dotación de novos servizos á páxina web da Cámara Mineira, a formación on-line en prevención de riscos laborais, a actualización do Manual de Seguridade e Saúde na minaría, a celebración dunhas xornadas de medio ambiente, estudos sobre os balnearios galegos e sobre sustentabilidade mineira en colaboración coa Universidade de Santiago, a convocatoria de premios e certames para a difusión social da minaría ou a participación en publicacións a nivel internacional. Como novidades deste ano figuran a celebración dunhas xornadas de seguridade mineira e a modernización e a implantación de novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Na presentación deste convenio, o conselleiro de Innovación e Industria destacou que o seu departamento vén de impulsar dúas importantes medidas de fomento do sector baixo criterios de sustentabilidade, responsabilidade e seguridade, como son a nova Lei de Ordenamento da Minaría, que vén de ser aprobada no Parlamento galego e que constitúe a primeira das súas características que se aproba no Estado; e o Plan Estratéxico de Prevención e Control dos Riscos Laborais na Minaría, dotado dun orzamento de 5 millóns de euros ata 2010 para combater a sinistralidade laboral e minimizar os riscos de accidentes e enfermidades

## La Xunta estudia entrar en el mundo de las prospecciones petrolíferas

AGN > SANTIAGO

La Consellería de Innovación e Industria no descarta iniciar una búsqueda de yacimientos petrolíferos y de gas natural en caso de que prospere la iniciativa impulsada por Repsol en el ayuntamiento asturiano de Cudillero, según aseguró el titular del departamento, Fernando Blanco.

El conselleiro de Innovación e Industria, Fernando Blanco negó que de momento la Xunta “baralle esa hipótese”, pero manifestó que, de prosperar el proyecto en el principado, “habería que comenzar a buscalo aquí”.

El conselleiro apuntó que la imparable escalada del petróleo obliga a plantear alternativas que hace años no se estudiaban y recordó que ahora mismo las empresas realizan prospecciones a entre 4.000 y 5.000 metros de profundidad, cuando hasta hace poco esas exploraciones no superaban los 1.500 y 2.000 metros. “Co prezo de barril de petróleo a 200 dólares habería que buscalo en todas as esquinas, o petróleo ou o gas”, reiteró. Una actuación que habría que estudiar en caso de que se encontrase este preciado recurso en Asturias.

Blanco se refirió a esta alternativa tras revelar que su departamento concluyó en 2005 el pago de los 6 millones de euros que sumaba el conjunto de deudas pendientes derivadas de una apuesta similar impulsada por el Gobierno de Manuel Fraga a principios de la década de los noventa. La Xunta constituyó en 1993 junto a la firma sueca Taurus Petroleum la sociedad Galioil, a través de la que se comprometió a financiar un 25% de los sondeos petrolíferos realizados por esta empresa frente a la localidad portuguesa de Viana do Castelo. La iniciativa pretendía explorar la zona marina que abarca la ciudad lusa de Coímbra hasta la gallega de Fisterra, al considerar que esta franja albergaba una gran bolsa de “oro negro” que superaría los 6.650 millones de barriles de petróleo.

Insolvente > Cuestionado por la evolución de este proyecto, el conselleiro recordó que su departamento tuvo que “pechar a empresa por insolvencia”. “Non atopamos petróleo”, aseguró con ironía, pese a volver a insistir que de mantenerse la actual tendencia al alza del barril de crudo, “non descarto buscalo”.



Blanco firma un convenio con el presidente de la cámara oficial minera de Galicia  
**PEPE FERRÍN**

El titular de Innovación e Industria subrayó la relevancia de que las empresas del sector minero aprovechen los recursos alternativos existentes en Galicia, más allá de los minerales y metales “más clásicos” como el granito, la losa o los áridos. “Hai determinados proxectos de minería metálica que se poderían volver reabrir”, afirmó el director xeral de Minas, Anxo Calvo, tras la firma de un convenio entre Innovación e Industria y la Cámara Oficial Mineira de Galicia. La revalorización del mercado de las materias primas permite recuperar las minas abandonadas.

## Innovación "no descarta" buscar petróleo en la costa gallega si llega a 200 dólares

Fernando Blanco. / *jorge leal*

El conselleiro Fernando Blanco admite que el Gobierno de Fraga no encontró yacimientos pero avisa: "Si aparece en Asturias, podríamos mirar también aquí"

**REDACCIÓN / SANTIAGO** La Consellería de Innovación no descarta buscar petróleo en la costa gallega ante el incremento continuado de los precios de este carburante. Aunque ya el Gobierno de Manuel Fraga lo había intentando sin éxito en 1999, el conselleiro Fernando Blanco se mostró ayer dispuesto a una nueva tentativa que ayudaría a reducir la dependencia energética de Galicia del llamado "oro negro".

En el litoral asturiano Repsol ya se ha lanzado a la búsqueda de yacimientos petrolíferos. "Si aparece en Asturias, podríamos mirar también aquí", explicó Blanco. Según explicó, de momento no existe ningún proyecto firme del Gobierno gallego para extraer petróleo del litoral de Galicia. Sin embargo, Innovación mantiene abierta esta posibilidad. "Está claro que si el precio del barril alcanza los 200 dólares, yo no descarto ir a buscarlo", aseguró el conselleiro.

Fue el ex presidente de la Xunta, Manuel Fraga, el primero en impulsar prospecciones para buscar petróleo frente al litoral de Galicia. Para ello creó una empresa de titularidad pública llamada "Gali Oil".

Profundidad

Fernando Blanco informó ayer de que esta sociedad había cerrado "por insolvencia" tras pagar una deuda de "aproximadamente seis millones de euros". En esa ocasión no se encontró petróleo. El conselleiro de Innovación explica, sin embargo, que "antes se buscaba a 2.500 metros de profundidad y ahora se llega hasta los 4.000 y 5.000 metros".

Pero los yacimientos de petróleo no son los únicos que piensa explotar la Xunta. Innovación impulsará la búsqueda nuevos minerales en aproximadamente una veintena de minas abandonadas de Galicia. Según explica Blanco, las materias primas "cada vez cobran más valor". y, por lo tanto, es necesario sacar el máximo partido a las canteras.

En su opinión, estos materiales servirían para posicionar "muy bien" a la comunidad gallega ante la situación económica que vive el país, por lo que abogó por conjugar las posibilidades del sector privado, las de la administración y las de la Cámara Oficial Mineira de Galicia.

En este sentido, incidió en la constitución del Instituto Xeolóxico Mineiro, que servirá para trabajar en la elaboración de un mapa minero del país, para ver qué materiales y



qué propuestas de extracción se pueden llevar a cabo "al margen los clásicos, como el granito y la losa".


De este modo, aludió a la existencia de andalucita en algunas zonas de Galicia e insistió en que el mercado de las materias primas "está sufriendo un importante impulso que sería ridículo obviar". Según explicó, en el pasado algunas minas se cerraron porque "no eran rentables" debido al alto coste de la extracción y el bajo del material.

No obstante, recalcó que, con la subida de los minerales, ese mercado "se vuelve más atractivo". Por ello, apostó por buscar nuevas formas extractivas que reduzcan el impacto y que sean "respetuosas" con el entorno medioambiental. Además, anunció que hasta la fecha se presentaron en el departamento que dirige un total de seis propuestas para la búsqueda de oro, estaño y wolframio.

## A Xunta impulsará novas extraccións de minerais para superar a crise

Industria avoga por reabrir 20 minas pechadas para extraer volframio, ouro, estaño, cobre ou andalucita, minerais que antes non eran rendibles pero que "cada vez teñen máis valor".

**Unha antiga mina de volframio en Vila de Cruces. LA OPINIÓN**



**P.M. A CORUÑA.** A crise económica que sofre Galicia está obrigando á Xunta a agudizar o inxenio e buscar novos modelos de desenvolvemento industrial e enerxético. Unha destas alternativas é a comercialización de minerais coma o ouro, o volframio ou o estaño, dado o impulso que está a tomar o mercado das materias primas a nivel internacional. A busca e extracción destes minerais é unha das apostas da Consellería de Industria para paliar a recesión económica e situar a Galicia na cabeza dun negocio que cada vez medra máis. Así o anunciou onte o conselleiro de Industria, Fernando Blanco, que recoñeceu que a extracción de minerais que até o de agora non eran rendibles "é cada vez máis atractiva", dado o "importante impulso" que se está a dar no mercado das materias primas. "Temos que posicionarnos", dixo o conselleiro logo de firmar un convenio coa Cámara Oficial Mineira de Galicia. Blanco apostou por empregar as novas tecnoloxías para buscar novos minerais nunhas 20 minas abandonadas da comunidade, e animou ao sector mineiro a aproveitar outros recursos alternativos á marxe de metais "máis clásicos" nas explotacións actuais coma o granito, a lousa ou os áridos. "Hai algúns proxectos de minería metálica que se poderían reabrir", dixo tamén o director xeral de Minas, Anxo Calvo, na rolda de prensa. Nesta liña, o Instituto Xeolóxico Mineiro elaborará un mapa mineiro de Galicia, no que se indicará que materiais e que posibilidades de extracción se poden levar a cabo á marxe das actuais. De feito, segundo relatou Blanco, seis empresas xa teñen solicitado autorización á Xunta para iniciar a explotación de materiais que até hai pouco non resultaba rendible extraer. Volframio, estaño, ouro, cobre ou andalucita son algúns dos que, segundo Blanco, se comezarán a explotar en Galicia para aproveitar a actual conxuntura económica e enerxética mundial. A extracción de minerais e metais representa o 2% do PIB galego, unha realidade que levou a Blanco a destacar a importancia de que as empresas do sector aproveiten a elevada cotización das materias primas. "Agora comeza a ser rendible calquera cousa", dixo o conselleiro. Con todo, o titular de Industria subliñou que as empresas que decidan buscar novos minerais en Galicia deberán facelo

segundo novos métodos de extracción que reduzan o impacto sobre o medio natural.

### **Industria non descarta retomar a busca de petróleo fronte á costa**

A Xunta aposta por métodos alternativos na produción mineira, pero sen perder de vista o modelo de desenvolvemento tradicional, é dicir, o do petróleo. O conselleiro de Industria recoñeceu onte que dada a imparable suba do prezo dos combustibles, o Goberno galego non descarta retomar a busca de petróleo fronte ás costas galegas, tal e como xa fixera sen éxito o Executivo de Manuel Fraga. "Está claro que se o barril de petróleo chega aos 200 dólares, eu non descarto ir buscalo tamén por todas as esquinas", dixo o conselleiro sobre as investigacións que está a facer Repsol no litoral asturiano na busca de pozos. Segundo Blanco, se a compañía atopa xacementos en Cudillero, a Xunta tamén faría prospeccións en Galicia. "Se aparece en Asturias, poderíamos mirar tamén aquí", dixo onte o conselleiro.

Blanco falou do petróleo ao anunciar que a súa consellería rematou de pagar en 2005 a débeda de seis millóns de euros que deixara a empresa pública Galioil, creada polo Executivo de Fraga en 1993 para buscar petróleo. Logo dos sondeos e mesmo prospeccións que duraron varios anos e que dirixiu a empresa sueca Taurus, a Xunta suspendeu os traballos ao non dar coa suposta bolsa de petróleo que, segundo as investigacións previas, tería máis de 6.650 millóns de barrís na franxa marítima que vai de Coimbra a Fisterra.